

CONTIDOS

Avaliación	UD	Título	Bloques
1ª	1	O Universo	1,2
1ª	2	O Sistema Solar	1,2
1ª	3	A Bordo dun Planeta en Perigo	1,3
2ª	4	A Enerxía e as Políticas Medioambientais	1,3
2ª	5	Saúde e Enfermidade. As Enfermidades Infecciosas	1,4
2ª	6	As Enfermidades Non Infecciosas	1,4
3ª	7	As Materias e os seus Usos	1,5
3ª	8	Nanotecnoloxía	1,5

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua, formativa e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo un traballo e dúas probas escritas, así como diversas probas orais.

Obtención da cualificación

Probas escritas	40%
Traballo persoal e/ou proxectos	40%
Probas orais	20%

Para aprobar a avaliación é necesario acadar a cualificación de cinco puntos.

A nota da materia será a media aritmética das tres avaliacións, para superar a materia deberá obterse unha nota mínima de 5 na media das tres avaliacións.

No período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final aqueles alumnos/as que non aprobaran a materia poderán recuperar as avaliacións suspensas mediante a realización de actividades e dunha proba de recuperación que deberán superar para aprobar a materia. Os alumnos/as que xa aprobaran a materia dedicarán este período para realizar actividades de reforzo e ampliación.

*Estes criterios complementáanse coas normas sobre cualificacións da programación, que transcribimos e ampliamos quedando:

- En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media
- Se un alumno/a é sorprendido copiando mediante calquera sistema durante a realización dunha proba escrita, a cualificación no exame correspondente será de 0 puntos.
- O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta, etc) durante a realización das probas escritas (exames, controis de clase,...) será sancionado cun cero na cualificación da correspondente proba.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: SI

Lecturas Recomendadas:

“La medición del mundo”, “Hacia las estrellas. Una breve guía del universo”, “Enciclopedia de la ciencia”, “La clave secreta del universo”, textos científicos escollidos, etc.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Club de ciencias, visitas científicas pola contorna, uso responsable do móbil, etc.